



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. oficinas@vilardebarrio.com

BASES III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CONCELLO DE VILAR DE BARRIO 2018.

1.- Obxectivo do concurso.

Preténdese que os xoves destaquen, coa súa visión fotográfica, paisaxes, monumentos, recunchos ou situacións de vida cotiá do noso concello, realzando os vínculos da xuventude co patrimonio histórico-cultural, coa sociedade e co medio ambiente do noso concello, contribuíndo así a que sexa apreciado, valorado e respectado.

2.- Prazo de presentación.

Ata o 27 de xullo de 2018.

3.- Participantes.

A convocatoria está aberta, en modalidade única, a todos os xoves entre 10 e 35 anos.

Cada participante poderá enviar unha ou dúas fotografías dixitais, en color ou branco e negro, orixinais e inéditas, realizadas con técnica libre, cunha calidade mínima de resolución que ó xurado dará por válida.

O idioma para os traballos e comunicación poderá ser galego ou castelán.

4.- Premios.

1º premio: un dron.

2º premio: uns auriculares inalámbricos.

5.- Temática do concurso.

A temática será sobre as paisaxes, monumentos, recunchos ou situacións de vida cotiá do noso concello, realzando os vínculos da xuventude co patrimonio histórico-cultural, coa sociedade e co medio ambiente do noso concello, contribuíndo así a que sexa apreciado, valorado e respectado.

6.- Como Participar.

6.1 Envío das obras.

O prazo de presentación dos traballos comezará o día seguinte a publicación destas bases e rematará o venres 27 de xullo de 2018.

Os traballos deberán enviarse como arquivo adxunto cuxo nome sexa o título da obra, ó correo electrónico: fotografiavilardebarrio@gmail.com

6.2 Presentación e envío da información requirida.

As/os Concursantes deberán achegar xunto coa/s obra/s a seguinte información segundo o documento anexo:



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. oficinas@vilardebarrio.com

- Nome e apelidos .
- Fotocopia do DNI.
- Teléfono de contacto e enderezo electrónico.
- En caso de ser menor de idade autorización asinada con DNI de nai Pai ou titor/a.
- Título de cada obra.
- Lugar e data de realización da obra.

As fotografías, ó ser entregadas, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Folla de inscrición cos datos do participante.
- Autorización de menores, debidamente asinada polo pai/nai ou titores legais no caso de que quen participe sexa menor de idade.
- Se nas fotografías aparecen persoas, haberá que entregar a maiores o formulario de autorización das mesmas.

6.3 Dereito de exclusión.

A organización reservase o dereito de exclusión :

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos.
- Cando de forma fraudulenta se manipule a participación.
- Cando as obras poidan considerarse contrarias aos dereitos e liberdades fundamentais, inciten ou promovan actuacións denigrantes, violentas, sexan sexan contrarias ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar ou a propia imaxe das persoas.
- Cando as obras presentadas non se axusten o concurso.

-O xurado dirimirá calquera dúbida que poida xurdir durante o proceso.

7.- Xurado e selección de gañadores.

Estará formado por:

- Dous concelleiros/as, (a determinar pola Alcaldía).
- Don Claudio Blas (Ex- alcalde do concello de Vilar de Barrio).
- Un/Unha Mestre/a do Colexio (a determinar pola Alcaldía)

O fallo do xurado publicarase o martes 31 de xullo no taboleiro de anuncios do concello e posteriormente na súa páxina web.

Os premios serán entregados o día 1 de agosto, na sesión de tarde da Festa do San Fiz.

ACEPTACIÓN E CESIÓN DE DEREITOS

A participación no concurso supón o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases.

O feito de participar conleva a transmisión a favor do Concello, de cantos dereitos de propiedade intelectual e de imaxe sexan necesarios, tanto para a promoción do propio concurso como para calquera outra actividade de promoción e comunicación propia do Concello, sen restrición temporal nin xeográfica e polo maior prazo recoñecido pola lexislación, incluíndo dereitos de reprodución, distribución e publicación, por calquera medio ou soporte, incluído internet.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. oficinas@vilardebarrio.com

PROTECCIÓN DE DATOS

Todos os datos persoais de participantes, pais ou titores legais que autorizan a participación no caso de ser menores, ou calquera outro dato necesario e solicitado para o concurso, será destinado á xestión do mesmo. O nome e a imaxe dos concursantes, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo o Concello, sempre que a dita comunicación estea relacionada coa súa participación no concurso.

En cumprimento co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas (RGPD), informámolo/a:

Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Vilar de Barrio.

Finalidade coa que tratamos os datos persoais

Ao facilitar os datos solicitados, vostede dá o consentimento para que sexan recompilados, utilizados, xestionados e almacenados polo Concello de Vilar de Barrio, só como se describe nas bases deste concurso e con esta única finalidade, sendo cancelados unha vez que remate a actividade. No transcurso da actividade os seus datos formarán parte dun “Rexistro de Actividades de Tratamento de Actividades Culturais” ca finalidade única de xestionar dita actividade.

Lexitimación para o tratamento dos datos

A base legal para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado coa presentación da solicitude como participante.

Os seus dereitos ao facilitarnos os seus datos

Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

Informámolo polo tanto de que poderá exercer os seus dereitos referentes o RGPD mediante unha solicitude dirixida o Rexistro deste Concello de Vilar de Barrio ou por medio de email: concellovilardebarrio@gmail.com dirixindo dita solicitude a Delegada Protección de Datos e facendo referencia o dereito que desexa exercer, acompañando dita solicitude da copia do seu DNI ou documento que o/a identifique.

Segredo e seguridade dos datos

O Concello de Vilar de Barrio comprométese no uso e tratamento dos datos persoais das persoas usuarias, respectando a súa confidencialidade e a utilízalos de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e adaptar todas as medidas para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente de protección de datos.

Cesión de datos:

Non están previstas cesións mais alá das indicadas nas bases de este concurso.

Para calquera dúbida sobre o concurso pódese chamar ao 988449001.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. oficinas@vilardebarrio.com

ANEXO I

Nome e Apelidos	
Data de Nacemento	
Enderezo de residencia	
Teléfono de contacto	
Enderezo electrónico	

Título da obra	Lugar e data de realización

En Vilar de Barrio a de 2018

En cumprimento co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas (RGPD), informámolo/a:

Responsable do tratamento: Concello de Vilar de Barrio.

Ao facilitar os datos solicitados, vostede dá o consentimento para que sexan recompilados, utilizados, xestionados e almacenados polo Concello de Vilar de Barrio, só como se describe nas bases deste concurso e con esta única finalidade, sendo cancelados unha vez que remate a actividade. No transcurso da actividade os seus datos formarán parte dun “Rexistro de Actividades de Tratamento de Actividades Culturais” ca finalidade única de xestionar dita actividade.

ANEXO II

Eu (nome e apelidos).....
..... con
DNI..... como autor/a da /s obras/s
titulada/s :
•
•

Fago Constar:

Que as imaxes presentadas ao concurso son inéditas e da súa autoría.
Ser o/a única/o titular dos dereitos de autor sobre as fotografías presentadas e facerse responsable de calquera tipo de reclamación, eximindo ao concello de Vilar de Barrio de dita responsabilidade.
Que dispón dos dereitos de imaxe das persoas identificadas ou identificables e exime ao Concello de Vilar de Barrio de calquera responsabilidade que puidera derivarse como consecuencia da non obtención destes correspondentes permisos.

En Vilar de Barrio a de 2018.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. oficinas@vilardebarrio.com

ANEXO III

Autorización para a participación de menores de idade.

Eu (nome e apelidos).....
.....con DNI nº
.....en calidade de nai, pai, titor legal de (datos do
concurante).....,con
DNI..... autorizo a súa participación no
concurso fotográfico, promovido polo Concello de Vilar de Barrio, tendo lido e
aceptado as bases do concurso.

E para que conste e asino a presente autorización,

En Vilar de Barrio a de 2018.